

UN LIBRO QUE RECOMENDA....

Lucía Iglesias da Cunha

Se queredes ler un libro sobre participación, Paco Heras ofrécenos un que é suxerente ata no título: ***Entre Tantos. Guía práctica para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientais y sostenibilidad***. O autor preséntao como traballo colectivo porque fundamenta o que nel se relata no Seminario sobre Participación e Educación Ambiental e noutras contribucións e axudas de persoas relevantes, moitas delas coñecidas pola maioría de nós.

Trátase dun libro que vos resultará útil porque dá moitas ideas de como levar á práctica procesos participativos, como escoller cal é o máis apropiado segundo cada ocasión, ou incluso, como variar os modos de facer para conseguir sorprender e captar a atención de quen deberá aportar os seus esforzos á participación.

Por outro lado, ademais de relatar como son os diferentes instrumentos de participación, algunhas técnicas de negociación e resolución de conflitos, e algunhas técnicas para dinamizar reunións, como todas elas servirían para o tratamento de diversos temas, o autor quere situarnos diante dos problemas ambientais e enfocalos como problemas humanos para así mellor comprender que a participación social nos pon no camiño da sostenibilidade.

Como persoas que exercemos a Educación Ambiental en diferentes contextos, interésanos este libro porque aclara cales son as condicións que deben darse para facilitar a participación. As diferentes técnicas e dinámicas suxeridas non resollen por si mesmas a participación que se quere lograr. Os condicionantes que actúan como potenciadores ou como inhibidores da participación hai que coñecelos para asumilos ou para tratar de neutralizalos, evitalos ou rompelos. Neste senso, o libro dá moitas indicacións sobre a influencia dos modos de comunicación que utilizamos e sobre as posibilidades de cambiar o modelo de toma de decisións. Todo isto, como dicía antes, contextualizado e exemplificado con problemas ambientais, e polo tanto, aplicable ó noso quefacer profesional, social e persoal.

Heras Hernández, Francisco. 2003. *Entre Tantos. Guía práctica para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientales y sostenibilidad*. Valladolid: Gea.

